




## MAGO TETO

(Viana do Bolo-Galicia)



O Mago Teto é un dos magos máis veteranos e relevantes a pesar da súa xuventude. Habitual na televisión desde os seus comezos, goza de gran popularidade e recoñecemento. Ademais, falamos dun mago con espectáculos de rúa (como O Afiador) ou de gran formato para teatros (A Maxia da Santa Compañía) e todoterreos como o seus clásicos 'Tolemaxias' e "Perto de Ti".

Coorganizador de festivais de maxia en diversos puntos da xeografía española.

Teto é un dos perfís máis completos e orixinais da maxia polo seu humor, personalidade e nivel técnico.

### CONTACTO E CONTRATACIÓN:

MAXIA@MAGOTETO.COM  
(+34) 607 384 027

# MAGO TETO

AS NOVAS TOLEMAXIAS



“un espectáculo entretido, divertido, estético, emotivo e, sobretudo, cheo de ilusión e de ilusiós.”



## AS NOVAS TOLEMAXIAS

Despois de tres anos xogando con outras artes escénicas nos meus espectáculos, como a música en directo, o teatro, a danza... na “Maxia da Santa Compañía” e “O Afiador”, retorno a esencia do ilusionismo en estado puro cun espectáculo cheo de efectos novidosos tocando todas as disciplinas da maxia (dende efectos de maxia de cerca ata grandes ilusións, pasando polo mentalismo, a manipulación...) sempre acompañados de situacións absurdas e surrealistas cun toque canalla.

E esta menestra ten como obxectivo final a realización dun espectáculo entretido, divertido, estético, emotivo e, sobretodo, cheo de ilusión e de ilusións.

Un espectáculo de 90 min. destinado a todos os públicos.



## FICHA ARTÍSTICA

Escenografía: **Alex Fernández**

Música en directo: **Tomasito de la Roca**

Vestuario: **Feira do 13 de agosto de Viana do Bolo**

Deseño de iluminación: **Abracadabra Producions S.C.**

Son: **Jorge Prieto**

Maxias: **Magicus, Juan Mayoral, LVM...**

Iluminación e son: **RTA**

Rexidor / Xefe técnico: **Jorge Prieto**

Xefe de Produción: **Héctor Guerra**

Dirección: **O Mago Teto**